



**Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia**



## **NOTA DE PRENSA**

### **Olimpiada Galega de Bioloxía**

*Santiago, 13 de xaneiro de 2016.* O vindeiro venres día 15 de xaneiro celébrase na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña a proba correspondente á Fase Autónoma Galega da Olimpiada de Bioloxía. Coorganizada pola Asociación Olimpiada Española de Biología (OEB), o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a propia Facultade de Ciencias da UDC, nela inscribíronse 94 estudantes de XX centros de secundaria da comunidade autónoma galega. Este certame diríxese aos estudantes de primeiro e segundo curso de bacharelato e na súa organización colaboran as outras universidades galegas e a Xunta de Galicia.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación científica entre os estudantes do sistema educativo español.

Foron admitidos 13 de centros da provincia de A Coruña, 11 de Pontevedra, 2 de Ourense e 1 de Lugo (\*). A organización do certame estableceu un máximo de catro estudantes por centro educativo.

O certame consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test e unha proba práctica cos contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

Os tres gañadores da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, que por primeira vez celebrárase na nosa comunidade, concretamente na Facultade de Bioloxía da UVIGO, no mes de abril.

Máis información:  
COBGA (Pablo) Tel. 981 53 14 40

(\*). A Coruña, Ames, As Pontes, Caldas de Reis, Cambre, Cangas do Morrazo, Lalín, Lugo, Narón, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

# XI EDICIÓN DA OLIMPÍADA ESPAÑOLA DE BIOLOXÍA- FASE GALEGA

## Plan da Xornada:

10:00 a 10:45 Recepción de participantes na Facultade  
de Ciencias

11:00 Examen teórico

11:00 Visita SAI para docentes

12:45 Descanso

13:00 Examen Práctico

---

15:30 Talleres experimentales UDC-Big bang

17:00 Conferencias UDC-Big bang

18:00 Acto de clausura e entrega de diplomas por parte  
das Autoridades presentes

19:00 Remate da xornada.